

## MATRÍCULA NA ESO PARA ALUMNOS DE 6º

Os impresos estarán colgados na páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanrosendo/>

(Este ano non hai sobre de matrícula. Deberán descargar os documentos)

É necesario que pidan cita chamando á secretaría do IES e preguntando por Sonia, para que lles dían unha hora determinada no día que lles corresponde (8 e 9 xullo), para poder acudir ao centro a entregar o impreso de matrícula.

Tamén xuntamos a información sobre o paso a 1º ESO.

IES PLURILINGÜE  
SAN ROSENDO

### INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Na E.S.O. hai 32 horas lectivas semanais, o **horario do I.E.S. San Rosendo** é:

- De luns a venres de 9.30 a 15.00
- Os luns ademais hai clase polas tardes, de 16.30 a 18.10 horas
- O recreo é de 12.00 a 12.30 horas

A E.S.O. organízase en **materias**, que no **1º curso** distribúense da seguinte forma:

1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA		
TIPOS DE MATERIAS		HORAS/SEMANAIS
<b>TRONCAIS</b>	Bioloxía e Xeoloxía	4
	Xeografía e historia	3
	Matemáticas	5
	Lingua castelá e literatura	4
	1ª lingua estranxeira (inglés)	3
<b>ESPECÍFICAS</b>	Educación física	2
	Relixión / valores éticos	1
	Educación plástica e visual	2
	2ª lingua estranxeira (francés)	2
<b>LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA</b>	Lingua galega e literatura	4

<b>LIBRE CONFIGURACIÓN CENTRO</b>	Investigación e tratamento da información (ITI)	1
	TITORÍA	1
	TOTAL HORAS	32

### **Recomendacións básicas para o estudo:**

O éxito escolar dun alumno/a depende da calidade do ensino que recibe, da intelixencia e do esforzo do propio rapaz/a, do seu método de traballo, pero tamén de factores ambientais e familiares que favorezan a súa inclinación cara o estudo.

Os pais son os primeiros educadores dos adolescentes. Non vale, polo tanto, descargarse de responsabilidade coa desculpa de que o profesorado, como profesionais da educación, son os encargados de educar os seu fillos e de esixirlles responsabilidade ante o estudo.

Axude aos seu fillo/a a estudar con éxito, para iso é necesario:

- Descanso adecuado: durmir entre 8-9 horas, deitarse e levantarse nun horario fixo.
- Boa alimentación: dieta variada e equilibrada, é importante almorzar ben para poder enfrontarse con enerxía á xornada escolar
- Facer exercicio físico
- Ter un lugar de estudo axeitado: lugar fixo de estudo, sen ruídos (t.v. ou música), sen estímulos que o/a distraian (móbil, ordenador, vídeo xogos...)
- Planificación do estudo:
  - **Horario fixo de estudo**: É moi importante que o alumnado planifique o seu tempo de estudo, o estudo é un traballo e como tal deben tomalo tanto os/as alumnos/as como os pais.
  - **Horario realista, que se cumpra**: É necesario que o estudante se poña un horario fixo de estudo e que o cumpra. Canto mais traballe, menos esforzo lle custará seguir adiante.
  - **Utilización de técnicas de estudo (subliñado, esquemas, resumes...)** É importante aprender a estudar, non facer un estudo memorístico, senón que se comprenda o que se estuda e se relacione cos coñecementos previos que ten o/a alumno/a.
  - **Non deixar todo para o último días antes do exame**: Polo feito de ser estudante o alumno/a non ten que estar todo o día cos libros, pero, se quere conseguir algo nos estudos, tampouco debe deixalo para o último momento. Se non se marca un horario de traballo realista vaille custar moito encontrar tempo para estudar, pois sempre vai xurdir algo que llo impida.